

## COMUNICACIÓNS DE EXPERIENCIAS

## 2º PREMIO Á MELLOR COMUNICACIÓN ORAL

## Unidade virtual do pé diabético

Pons Revuelta A, Regueiro Martínez A.A, Rosendo Fernández JM,  
Sánchez Sobrino P, Fransi Galiana LR, Couto Mallón D.

Cad. Aten. Primaria  
Año 2021  
Volume 27(3)  
Páxs. 63

### XUSTIFICACIÓN

Na nosa área sanitaria, a atención a un paciente con úlcera de pé diabético préstase de forma fragmentada por parte dos servizos de Endocrinoloxía, Anxioloxía e Cirurxía Vascular e a Unidade de Feridas. Este procedemento pretende crear un espazo especializado de atención aos pacientes con úlcera de pé diabético. Enfermeiras e médicos do ámbito de Atención Primaria dos nosos Centros de Saúde poderán derivar a un paciente diabético que presente complicacións a unha unidade multidisciplinar que preste atención de forma áxil e efectiva.

### OBJETIVOS

Estandarizar as revisións do pé diabético segundo o risco de desenvolver complicacións.

Definir un circuíto de atención aos pacientes que presenten un pé diabético de categoría 2 ó 3 que mellore os tempos de acceso e a adecuación do tratamento e os coidados.

Diminuír o número de amputacións

### DESCRIPCIÓN DA EXPERIENCIA

Na consulta de Atención Primaria, contémpanse varias actividades: anamnese, exploración, imaxe do pé (foto das lesións), datos analíticos, clasificación do paciente segundo risco:

- Categoría 0: Controis en Atención Primaria anuais
- Categoría 1: Controis en Atención Primaria semestrais
- Categorias 2 e 3: Remisión mediante e-consulta á UVPD.

Na UVPD valorárase de maneira non presencial a consulta recibida, de xeito coordinado entre Unidade de Feridas, Endocrinoloxía e Cirurxía Vascular. Nesta valoración decidírase:

Informe de recomendacións ao profesional solicitante (medicina ou enfermería)

Citar presencialmente ó paciente (con carácter preferente), segundo as necesidades de actuación.

### CONCLUSIÓNS

A UVPD e un exemplo de xestión integrada que xurde dende Atención Primaria, multidisciplinar e inclusiva a todos os profesionais intervinentes.

O paciente beneficiárase da axilidade da derivación e da actuación.

### APLICABILIDADE

Esta experiencia é aplicable a outras áreas sanitarias e incluso a outras patoloxías que o precisen.